



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INSPECTOR/A DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A2, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2015, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO CUARTO EXERCICIO.- O Tribunal toma en consideración o informe emitido polo asesor, don Joaquín Dosil Díaz, designado para levar a cabo e valorar as probas psicotécnicas (cuarto exercicio do proceso selectivo), mediante resolución da Concelleira Delegada de Persoal e Cultura de data 21.09.2021 e procede á cualificación do cuarto exercicio, con base nos resultados obtidos pola aspirante que son os seguintes:

CÓDIGO	NOME E APELIDOS	RESULTADO
0245	PAULA CASAL VÁZQUEZ	APTO

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e a declaración de non aptos nos exercicios, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O QUINTO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, a cualificación obtida pola persoa aspirante, convocando á persoa candidata para a realización do quinto exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de tres horas, na redacción da resolución dun ou varios supostos prácticos (nos que se poderán incluír unha ou máis preguntas), que proporá o Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas propias das funcións asignadas á subescala. Durante o desenvolvemento desta proba a aspirante poderá, en todo caso, facer uso dos textos legais dos que acuda provista, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

A proba terá lugar no **Seminario 2-1º andar do Pazo da Cultura, sito na rúa Alexandre Bóveda, s/n, o vindeiro mércores, día 17 de novembro, ás 10:00 horas.**

O Secretario do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica.

